

PROGRAMA DE ACTIVIDADES FORMATIVAS

Modalidade presencial	nº cursos
Cursos básicos de prevención de riscos laborais - 35 horas	12
Xornadas técnicas	26
Modalidade a distancia	3
Curso básico de prevención de riscos laborais - 60 horas	3

Cursos básicos de prevención de riscos laborais

Obxectivos: 1. Proporcionar o nivel de capacitación necesario para desenvolver as funcións de xestión da prevención, establecida no artigo 35 do Regulamento dos servizos de prevención. 2. Proporcionar aos empresarios a formación e os coñecementos que os capaciten para xestionar a prevención nas súas propias empresas ou centros de traballo.

Contido: 1. Conceptos básicos sobre seguridade e saúde no traballo. 2. Riscos xerais e a súa prevención. 3. Riscos específicos do sector da actividade da empresa e a súa prevención. 4. Elementos básicos da xestión da prevención de riscos. 5. Primeiros auxilios. 6. Prevención de riscos laborais dende a perspectiva de xénero.

Duración: Os cursos teñen unha duración de 35 ou 60 horas con base no que se determina no Regulamento dos servizos de prevención, xa que se inclúe un engadido sobre prevención de riscos laborais dende a perspectiva de xénero de 5 e 10 horas respectivamente.

Xornadas técnicas

Destinatarios: 1. Empresarios, directores técnicos de empresas e institucións públicas. 2. Técnicos e profesionais da prevención de riscos laborais. 3. Cadros e dirixentes sindicais.

Finalidade: Proporcionar aos participantes información e coñecementos sobre normativa e técnicas da seguridade e saúde no traballo.

Cursos básicos de prevención de riscos laborais - 35 horas	Xornadas técnicas
A Coruña	A Coruña
Lugo	Lugo
Ourense	Ourense
Pontevedra	Pontevedra

Cursos básicos de prevención de riscos laborais - 60 horas - Teleformación

En liña	3
---------	---

PRESENTACIÓN

O ISSGA é o órgano técnico en prevención de riscos laborais en Galicia, que ten encomendadas, entre outras, as funcións de información, asesoramento técnico e formación en materia preventiva.

Neste documento só se recollen as actividades programadas, presenciais e en liña, sen prexuízo doutras que se desenvolvan a demanda ou en colaboración con outras entidades.

INFORMACIÓN XERAL

A formación será impartida polos técnicos especialistas nas distintas disciplinas preventivas.

As actividades formativas estarán suxetas ás seguintes normas:

- Carácter gratuito.
- Número de prazas limitado.
- Número mínimo de alumnos.
- As inscricións poden realizarse na páxina web do ISSGA ou achegando a solicitude ao Centro do ISSGA que organiza cada actividade.
- O prazo de inscrición comezará 1 mes antes do seu inicio.
- Unha vez finalizado o proceso de selección, comunicárase a admisión dos participantes seleccionados.
- A falta de asistencia superior ao 10% das horas lectivas programadas, aínda estando xustificadas, imposibilitará a acreditación correspondente.
- Ao rematar as actividades entregarase diploma ou certificado de asistencia.
- A persoa admitida que non puidese acudir comunicárase ao ISSGA, coa suficiente antelación, para posibilitar que outra persoa poida beneficiarse desa formación.

O ISSGA reserva para si calquera modificación sobre a programación das accións formativas, logo de aviso aos interesados, sen prexuízo de publicalo coa antelación suficiente na súa páxina web.

PROGRAMA DE ACTIVIDADES FORMATIVAS 2010

INSTITUTO GALEGO DE SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL



www.issga.es

XUNTA DE GALICIA

SOLICITUDE DE INSCRICIÓN

Títulos das actividades formativas:

Lugar de realización:

Data:

DATOS PERSOAIS

Apelidos e nome:

DNI: Poboación: Provincia:

Teléfono: Correo electrónico:

Titulación:

Coñecemento sobre o tema: () Ningún () Básico () Medio () Elevado

DATOS DA EMPRESA OU ENTIDADE

Razón social:

Enderezo:

CP: Poboación: Provincia:

Teléfono: Fax:

Posto de traballo na empresa:

Por qué lle interesa esta actividade?:

Data e sinatura:

INFORMACIÓN XERAL: A información xeral sobre as actividades formativas pode consultarse na páxina web e nos centros do ISSGA.

INSCRICIÓN: Poderán realizarse a través da páxina web do ISSGA ou achegando a solicitude ao centro do ISSGA que organiza cada actividade.

Os datos persoais solicitados formarán parte dun ficheiro automatizado, debidamente inscrito na Axencia Española de Protección de Datos, cuxo responsable é o ISSGA e cuxa única finalidade é xestionar o servizo solicitado. Como responsable do ficheiro, ISSGA garante o cumprimento da Lei Orgánica 15/1999 de Protección de Datos de Carácter Persoal. O interesado poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición.

Centro ISSGA. A Coruña

R/ Monserrat s/n · 15071 A Coruña. T.: 981 182 329 F.: 981 182 332

Cursos básicos de prevención de riscos laborais - 35 horas

1ª edición: 08 ao 12 de febreiro 3ª edición: 18 ao 22 de outubro
2ª edición: 12 ao 16 de abril 4ª edición: 15 ao 19 de novembro

Xornadas técnicas

- As situacións de exposición laboral á calor. 26 de febreiro
- Equipos de protección individual. 12 de marzo
- As avaliacións cualitativas. Novo enfoque da prevención ás exposicións por axentes químicos. 16 de abril
- Toxicoloxía laboral: Marcadores biolóxicos como indicadores de exposición e efecto. Novo retos: As nanopartículas. 21 de maio
- Presentación para a adaptación para España do método MAPO para a manipulación de pacientes en hospitais. 04 de xuño
- Actualización da normativa en prevención de riscos laborais. 15 de outubro
- Normativa de construción e a súa aplicación. 05 de novembro

Centro ISSGA. Lugo

Ronda Fingoi, 170 · 27071 Lugo. T.: 982 294 300 F.: 982 294 336

Cursos básicos de prevención de riscos laborais - 35 horas

1ª edición: 22 ao 26 de febreiro 2ª edición: 31 de maio ao 04 de xuño

Xornadas técnicas

- Coordinación de actividades empresariais na industria. Caso práctico. 26 de marzo
- Riscos relacionados coa exposición a axentes biolóxicos en E.D.A.R (depuración augas residuais). A súa avaliación e control. 09 de abril
- Equipos auxiliares de carga e elevación en obras de construción. 07 de maio
- Prevención de riscos laborais nos sectores agropecuario e forestal. 10 de setembro
- Prevención de riscos laborais en ATEX. 29 de outubro
- Acoso psicolóxico no traballo (MOBBING). 12 de novembro
- Nova normativa sobre clasificación, envasado e etiquetado de substancias químicas. Regulamento CE/ 1272-08. 03 de decembro

Centro ISSGA. Ourense

Camiño Vello Prado Loña, s/n · 32004 Ourense. T.: 988 386 395 F.: 988 386 222

Cursos básicos de prevención de riscos laborais - 35 horas

1ª edición: 08 ao 12 de marzo 2ª edición: 04 ao 08 de outubro

Xornadas técnicas

- Requisitos derivados da avaliación e a planificación, o emprego e a comercialización de equipos de traballo e de máquinas. O RD 1644/2008. 05 de marzo
- Integración da PRL no sistema xeral de xestión das empresas. 22 de abril
- PRL, organización empresarial, estilos de mando. 11 de xuño
- Estratexias de motivación de persoal en PRL. 22 de outubro
- Requisitos derivados da avaliación e a planificación, o emprego e a comercialización de EPI. 18 de novembro

Centro ISSGA. Pontevedra

A Regasenda - Rande · 36812 Redondela - Pontevedra. T.: 886 218 100 F.: 886 218 102

Cursos básicos de prevención de riscos laborais - 35 horas

1ª edición: 08 ao 12 de marzo 3ª edición: 20 ao 24 de setembro
2ª edición: 10 ao 14 de maio 4ª edición: 25 ao 29 de outubro

Xornadas técnicas

- Plataformas elevadoras. Riscos e medidas preventivas. 26 de febreiro
- Dermatoses profesionais para médicos do traballo. 26 de marzo
- Integración da prevención. 23 de abril
- Drogodependencias no ámbito da saúde laboral. 28 de maio
- Implantación de OSHAS 18002 en pemes. 18 de xuño
- Prevención de riscos no sector pesqueiro. 08 de outubro
- Prevención e relacións laborais. 19 de novembro

MODALIDADE A DISTANCIA

Cursos básicos de prevención de riscos laborais - 60 horas - En liña

22 febreiro ao 23 de abril
03 de maio ao 02 de xullo
11 de outubro ao 10 de decembro